

caderno de críticas

O lapis do carpinteiro de Manuel Rivas

«Hai libros que son como a chuvia desértica ou as fornadas de pan quente na invernia. É o caso de *O lapis do carpinteiro* (Vigo, Xerais, 1998), última novela do coñecido escritor e periodista Manuel Rivas»

Armando Requeixo, *La Voz de Galicia*

«Unha das obras máis compactas do autor, sen fisuras, valente, lograda, atractiva, de fácil lectura, sinxela e complexa, trascendente»

Xosé M. Eiré, *A Nosa Terra*

«*O lapis do carpinteiro* dinos de Manuel Rivas o que xa era obvio e non facía falta demostrar: que é un escritor co don de crear mundos máxicos e envolventes, pero tamén capaz de grandes doses de seducción e comunicabilidade co lector. Por iso, desde o agradecemento, *Laus tibi, auctor*»

Xosé Manuel Enríquez, *Guía dos Libros Novos*

XERAIS



ARMANDO REQUEIXO, *La Voz de Galicia*, xaneiro de 1999



A realidade intelixente de Rivas

Hai libros que son como a chuva desértica ou as fornadas de pan quente na invernia. É o caso de *O lapis do carpinteiro* (Vigo, Xerais, 1998), última novela do coñecido escritor e periodista Manuel Rivas.

O libro todo el é unha enorme arañeira de personaxes e historias que destilan agridoces licores de angor e tenrura. O amor, a paixón pola vida, redime o ser humano das máis baixas felonías, tal como semella debuxar nas súas páxinas Rivas: Santiago, 1936. Un grupo de demócratas (republicanos de diverso signo político) é encarcerado na Falcona –prisión santiaguesa–. Entre eles sobreéruese por riba de todos a figura ética do doutor Daniel Da Barca –inspirado na persoa real do médico Paco Comesaña– e a figura estética de «O pintor» –trasunto narrativo do histórico artista plástico Camilo Díaz Baliño–. Úneos a todos o máxico fío de Ariana, encarnado esta volta nun humilde lapis de carpinteiro que vai cambiando de dono ó longo da novela, mudando, asemade, a óptica vital daqueles que sentiron o seu trazo.

O lapis do carpinteiro é unha metáfora perfecta da espiral histórica na que se desenvolveu Galicia neste último século. As volutas do ADN demócrata galaico, tronzada pola incivil guerra civil, van servir de escenario á fiel relación amorosa do doutor Da Barca e a súa muller, Marisa Mallo, coa que casa por poderes atafegado pola distancia carceraria que os obriga. Pero entreveradas coas novas desta relación van xurdindo na novela esoutras historias de represión bélica e barbarie amoral coas que se alimentou o voraz bandullo franquista no horror da guerra fratricida: os «pasados» sen razón e aqueles que sufriron a miseria dun presidio infame por mor das súas ideas libertarias. Neste sentido, Rivas rende homenaxe aquí ó editor Ánxel Casal –expresamente aludido na novela–, así como ó xa amentado Díaz Baliño, Mais tamén son lembrados con admiración outros intelectuais galegos deste século, como o sabio patólogo Nóvoa Santos, defensor da teoría da «realidade intelixente», o vello Carré das Irmandades da Fala, o pintor Lugrís, etcétera. E todo asolagado pola tenrura omni-

presente, o afago da paciencia milenaria que blinda os nervios dos demócratas galegos castigados e que é rememorado na novela nun prolongado «flashback» a través das lembranzas do vello cabo Herbal, sombriamente trágica do doutor Da Barca, unido irremediabilmente a el polo sino da mediocridade que rodea a súa vida de grisallo garda de prisións. E orquestrando todo este inmenso viveiro de personaxes os versos de Antero de Quental («Mas se paro un momento, se consigo/fechar os olhos, sinto-os a meu lado/De novo, esses que amei: viven comigo...»), que estenden o seu manto protector, como bálsamo da memoria, a todas aquelas almas brancas que na novela sofren o látigo da sinrazón violenta e o desamor: a bela Marisa Mallo, a doce inxenuidade afroatlántica da prostituta Maria da Visitaçao, o cruel asasinato do preso cantor Pepe Sánchez, a «dor pantasma» do eivado Biqueira, a loita xorda da Madre Izarne, etcétera.

Estigmas da memoria, cicatrices do corazón. *O lapis do carpinteiro* ou a omnipotencia taumatúrxica do amor. E é que Rivas sabe moi ben que «soio volven os que recordan».



XOSÉ M. EIRÉ, *A Nosa Terra*, 2 de xullo de 1998



Intelixente realidade

A gardábase con impaciencia, curiosidade. Qué nos ofrecería esta vez Manuel Rivas despois da preciosa *¿Que me queres, amor?* Continuaría a evolución desde *En salvaxe compañía?* Volveríase ao mal chamado «realismo suxo» que contribuíu a crear con *Un millón de vacas* e *Os comedores de patacas?* Tamén podía ser poesía, non en van é un dos máis interesantes poetas actuais. Pero semellaba máis lóxico aproveitar o tirón do seu recente Premio Nacional de Narrativa. É máis, seguro que o lector preferiría a súa faceta narrativa, tamén aquí funciona iso do morbo: aturaría o tirón?, porque estar, estaba obrigado. Utilizo a palabra morbo e non outra, conscientemente e como sinal de éxito. Que un comunicador logre un horizonte de expectativas que se define con termos comunmente aplicados a séries televisivas, shows e demais ralea, é síntoma inequívoco de que a sintonía é fluida e apresenta interese. Deixémonos de inxenuidades, todos sabemos que detrás acostuma a haber fortes campañas de marketing, pero ningunha de elas é capaz de soste-lo un produto endeble e pouco sólido, de nada serve a moita publicidade de hoxe se o tempo te esquece. O tempo, xuíz implacábel, é quen finalmente decide, que, hoxe por hoxe, o produto literario aínda non só é ben de consumo inmediato e proxéctase na posterioridade. Cando así non sexa estaremos ficando, sen historia, e seremos só instantáneas tristes e inútiles.

E chegou *O lapis do carpinteiro*. Ademais poñía a primeira pedra da remodelación da Colección Narrativa de Xerais, nada extraordinario pero si efectivo, os volumes son un pouco máis grandes e iso permite unha meirande sensación de comodidade na lectura. E *O lapis do carpinteiro* ven de demostrar canto arriba dixemos, e o que por dicer nos resta. Eis logo que esta historia de amor (como xa tantas veces foi chamada) é unha historia da historia. A preguerra, a guerra civil, a posguerra, ese é o tempo onde se encadra un discurso onde os valores humanos teñen unha importancia decisiva. Ánxel Casal, Lugo, A Falcona, San Simón, a tise, os paseos... son historia da nosa historia... e parte da trama. E non esquezamos a R. Nóvoa Santos e a súa teoría da realidade intelixente, tan indefiníbel como necesaria, porque finalmente está constituída polo pouso que os nosos actos –conscientemente ou non– van deixando, humanizándonos.

De Nóvoa Santos temos que falar á parte porque é culpábel esencial da existencia de *O lapis do carpinteiro*, el e a súa engaiolante personalidade fan que non poidamos falar nen de realismo máxico –un pouco atrevido, pero posíbel– nen dunha novela cun fio condutor artificial e rebuscado. Moi pola contra, é unha novela que nace na realidade histórica e se desenvolve como a parahistoria da realidade intelixente, ese pouso inmorrente que as

4 *O lapis do carpinteiro*

«Unha das obras máis compactas do autor, sen fisuras, valente, lograda, atractiva, de fácil lectura, sinxela e complexa, trascendente»

nosas accións van deixando no ar, nas cousas, enchéndoas de humanidade. E como hai veces que somos tan desalmaos precisamos a realidade intelixente deses obxectos que gardamos con tanto agarimo —aínda sendo de pouco relevancia monetaria— nos lembren que somos humanos. Así lle sucede a Herbal, garda da Falcona con especial interese en perseguir ao médico republicano Daniel Da Barca non só como inimigo político senón tamén como rival nos amores do médico con Marisa Mallo. Un lapis de carpinteiro vaino humanizando na mesma medida en que Herbal, narrador, vai tinxindo a figura do narrador principal progresivamente deica rematar nunha total mestura. Como se fora unha aperta, todo comeza de forma fragmentaria pero o lapis unirá todas as partes definitivamente.

Xa sabemos que é unha historia de amor, ben incardinada dentro da historia real da sociedade galega. Xa vimos o papel unificador do lapis e a catarse curativa que protagoniza. Pero hai máis. Ante todo é unha novela moi intelixente, as personaxes todas teñen unha forza inusual por casual que sexa o seu protagonismo. A caracterización das personaxes móstranos a un Manuel Rivas dominando cada faceta narrativa. Intimamente ligado a este mundo está o da descrición e tanto nun como noutro hai aquí páxinas de antoloxía. O período curto dá viveza, axilidade. A efectiva estrutura da acción confire amenidade. E sobre todo iso, a forza da pala-

bra: o adxectivo adecuado no lugar preciso e abonda, un bon narrador descóbrense alí onde é capaz de transmitir unha historia utilizando só as palabras precisas e desbotando o superfluo. Ademais a sensibilidade narrativa —sempre foi unha das cousas que máis admiraron na escrita de Manuel Rivas— impide que o dominio se torne en tiranía de tal maneira que estamos na fronteira da novela coral: todo o que gravita en torno de Daniel Da Barca ten a súa función imprescindible.

Quede ben claro, historia de amor si —mesmo agroma o romanticismo en estado puro, non o sentimentalismo— pero tamén unha crónica social reivindicadora da liberdade, do humanismo. Nada de novela histórica, nada de biografía novelada; ben o advirte o autor e esta advertencia é sinal inequívoco de que algo se logrou: fundir realidade e ficción da man de un relato que se centra sobre todo nos aspectos positivos (imáxíñense o que é humanizar a un garda raposeiro e reanarte!) sen que poida ser acusado de «amarelismo» (a crueldade resalta aínda máis cando todo se ve desde o lado positivo) ou sentimentaloides.

Esa é, sen dúbida, unha das obras máis compactas do autor, sen fisuras, valente, lograda, atractiva, de fácil lectura, sinxela e complexa, trascendente. Incrementarase o número de lectores de Rivas. É certo, ao lector hai que darlle o que quere-debe-poder, pero sempre con calidade, e aquí transpíraa cada páxina.

XOSÉ MANUEL ENRÍQUEZ, *Guía dos Libros Novos*, decembro de 1998

Liñas paralelas,

As estas alturas do tempo, poucos deben de ser os lectores, incluíndo mesmo a aqueles máis inconscientes e desapegados das letras, que descoñezan o extraordinario éxito de público e de vendas que a obra que hoxe nos ocupa ten. Con seis edicións publicadas desde o momento da súa aparición (maio 1998), traducida para o castelán, con 30.000 exemplares vendidos –7.000 deles *ás cegas*, antes de saír ó mercado–, o que a converte na obra máis vendida de Galicia. *O lapis do carpinteiro* supón, para a nosa literatura, un fenómeno inusual e propio, máis axeitado para outras roupaxes e mercados culturais que para o noso discreto, familiar e húmido país.

Acostumados a un oficio –o dos escritores galegos– vivido como un ministerio doente e entregado, de afirmación e testemuño a un tempo, con magnitudes e repercusións normalmente circunscritas e abarcables, a acollida soberbia deste libro e a notoriedade que lle

proporciona ó seu autor pode levar a que sexa visto como un produto sospeitoso, un puro bluff, máis resultado da mercadotecnia e da presión publicitaria do que dotado de verdadeira calidade. Manifestacións deste teor, cualificando a obra despectivamente de *best-seller*, témolas escoitado. Quen así opina, apóiase só nunha das definicións, que calquera diccionario escolar dá (*best-seller*: «Obra, xeralmente novela, programada para provocar apetencia no público aproveitándose de técnicas de mercado dirixidas»), pero esquecendo deliberadamente aqueloutra que considera o *best-seller* como unha «Obra de grande venda e que constitúe un éxito editorial».

Neste caso, a segunda acepción, con moita seguridade, achégase máis á realidade das cousas. De calquera xeito, a literatura galega, de alta ou baixa roda, non ten por que rexeitar –máis ben o contrario– ningunha obra que a promova, difunda e achegue á xente o libro en galego.

A pregunta que cómpre facerse é se en *O lapis do carpinteiro* hai literatura que respalde ese éxito e esas vendas, porque, en literatura, a única verdade ética ten que ser, só e necesariamente, *estética*.

A resposta inicial é afirmativa. En *O lapis do carpinteiro* hai literatura, hábil e eficaz, literatura que consegue o obxectivo de achegarse ó lector medio, sen por iso deixar de parte a atención e o puimento da expresión, o traballo delicado da palabra, a precisión na ensamblaxe dos feitos e na decoración dos personaxes. Apoiándose nun estilo directo, limpo e liso que foxe da *quinca-lla verborreica* cun fraseo simple, case de florilexio gramatical (raras son as oracións que superan a estrutura estándar: suxeito-verbo-complementos) e botando man dun léxico usual e familiar, pouco dado ó paseo *enxebriista*, co que se elaboran as imaxes (símbolos e metáforas) preciosas e pouco extravagantes, M. Rivas constrúe o seu relato nun rexistro idiomático,



vidas espelladas

corrente e neutral, que se move no amplo territorio do común, do compartido entre linguas (válido, pois, para galegos un tanto *españolizados* ou para españois incipientemente *galeguizados*), e que renuncia a outro tipo de construción igualmente eficaz e formosa, pero máis encamada e exclusiva, enormemente enriquecedora, pero tamén máis distanciada e esixente para o lector. Nesta orde de cousas, é de destacar a agudeza e enxeño dos seus diálogos ou conversas (entre os presos na Falcoa, entre o lapis e Herbal, entre Da Barca e a monxa...), nos que sempre brillan as faíscas de sal dunha idea sutil e penetrante, o brinco inesperado dun razoamento ou a herexía amable e fulgurante dunha contrarréplica. En *O lapis do carpinteiro*, o lector recibe unha historia bonita, contada nunha sintaxe accesible e cun vocabulario aberto e que non o descontrola.

Esta historia lévanos desde o presente ós tempos da guerra e da primeira posguerra, con

prolongacións actuais, da man dun garda prisional, Herbal, que nos evoca e fai revivir a guerra e a represión política, que nos mostra a figura do doutor Da Barca, de Marisa Mallo, que nos fala do amor, das desesperanzas e miserias humanas, e tamén das súas grandezas, nunha peregrinación pola historia e o tempo que é, simultaneamente, o diario dunha redención (Herbal) e unha reivindicación de dignidade (Da Barca).

No fondo, *O lapis do carpinteiro* é un relato profundamente esperanzado e humanista en relación á capacidade das persoas para seren rescatadas para a vida e a felicidade, o amor, a tolerancia e a liberdade. Mesmo Herbal, o antagonista perenne do Dr. Da Barca, a súa almorrá sangrante e dorida, é quen de sublimarse — con el todos os infectados do espírito— e retomar a súa limpeza inicial.

Menos interesante como relato amoroso ou testemuño dun tempo e unhas vidas (as

páxinas referidas a B. Mallo, por exemplo, son perfectamente desculpables) do que como *summa* sentimental (dos sentimentos varios do home), *O lapis do carpinteiro* atravesa por entre ferros e muros, baixo a sarabia e o insulto, sobre ciladas e tumbas que os homes se afañan en erguer unha e outra vez para negarse a si mesmos, para contradicir a súa humanidade, da única maneira que o pode facer se quere ser fiel ó que conta que é e ó que debería ser, isto é, botando do «sobremundo» ou da «realidade intelixente» nun exercicio de *marabillismo*, de realismo fantástico e máxico (que o autor tan ben domina) e que consitúe un dos grandes achados do libro.

O lapis do carpinteiro dinos de Manuel Rivas o que xa era obvio e non facía falta demostrar: que é un escritor co don de crear mundos máxicos e envolventes, pero tamén capaz de grandes doses de seducción e comunicabilidade co lector. Por iso, desde o agradecemento, *Laus tibi, auctor*.

Eidos do Libro, outubro de 1998



NARRATIVA

Manuel Rivas

O lapis do carpinteiro

No mes de maio saíu do prelo a primeira edición da última novela de Manuel Rivas, un autor longamente premiado que xa non precisa de galardóns para que a publicación de cada nova obra sexa un acontecemento. En *O lapis do carpinteiro* (Xerais, maio 1998), Rivas mantense fiel ao seu estilo, con constantes e traballadas imaxes que conseguen crear momentos de intenso lirismo na aparente sinxeleza dunha prosa fluída. Outros elementos como o humor —a pesar da crueza dos acontecementos que se narran—, a ironía —presente sobre todo nos diálogos— e mais a tenrura no tratamento dos personaxes converten a lectura da novela nunha experiencia moi grata.

Utilizando como foco narrativo o personaxe do garda Herbal, cóntase, desde os tempos actuais, a historia de amor entre Marisa Mallo e o doutor Daniel da Barca, condeado a cadea perpetua tras salvar milagrosamente a vida en dúas ocasións, durante a guerra civil e os primeiros anos da posguerra. *O lapis do carpinteiro* que,

tras pasar por varias mans, utilizara un pintor para debuxar na cadea, trasunto literario de Camilo Díaz Baluña, convértese no instrumento que torna humano ao embrutecido garda, símbolo da conciencia do pintor, que desde o outro mundo visita a Herbal e lle fala na orella, mostrando quizá o poder humanizador da arte por riba mesmo da morte. Neste sentido, a propia novela salva do esquecemento a historia e o testemuño de homes que, como o editor Casal, o intelectual galeguista Carré ou moitos outros presos políticos padeceron polo seu compromiso social e a súa ética humanista a persecución, a morte ou o exilio durante esa etapa histórica que convén non deixar no olvido.

É precisamente o valor da dignidade o que representa o personaxe protagonista, salvado da desesperación e da morte polo poder do amor e mais da ilusión, estupendamente expresado na escena do hipnótico banquete que o doutor Herbal fai vivir a Gengis Khan na cadea; unha dignidade que se alza mesmo ante a crueldade da guerra.

CÉSAR C. MORÁN, *La Voz de Galicia*, xuño de 1998



Unha novela sen concesións

Hai luces, por veces, crepusculares e esvaídas como nos días dourados en que o sol penetra entre a follaxe da fraga, fragmentándose en mil feixes de luz a través dun caleidoscopio vexetal. Entón ábreanse os espellos de finísimo orballo e, como nun cadro prerrafaelista, aparece a dama do lago ou «a femia bañada no río». Esa captación da beleza natural, da triste rosa, da beleza murcha, é sen dúbida un dos efectos que no lector suscita á lectura de *O lapis do carpinteiro*, e con tal omnipresencia que invade plenamente o líquido plasmático onde navegan os horrores máis noxentos da crueldade humana, como tamén a tenrura, a ollada compasiva ou a inxenuidade. Quero afirmar, coas liñas precedentes, que a nova novela de Manuel Rivas non é unha do xénero sobre a guerra civil do 36, aínda que esta referencia constituía o eixo espacio-temporal do relato. Trátase máis ben de ollar no corazón humano e descubrir o xogo de contrarios que define a complexidade do ser. Porque, entre outras cousas, *O lapis do carpinteiro*, lonxe de calquera tentativa de maniqueísmo, é tamén unha novela poliédrica, tanto pola creación dese espléndido personaxe que é Herbal como pola variedade de visións que conforman unha perspectiva múltiple. É a

súa mellor novela, a máis perfecta na súa estrutura, a de maior fluencia unitaria na expresión verbal, sen que iso vaia nunca en detrimento da aparente espontaneidade, por veces coloquial, que semella máis próxima dun amplo público. Neste sentido, é hora de observar que a crecente aceptación da literatura de Rivas procede en grande parte dun profundo dominio da comunicación, onde o máis complicado está como diría Schumann nos consellos aos novos músicos, en facer fácil o difícil, ou mellor aínda, en interpretar ben o aparentemente simple. Mais esta actitude directa agroma nunha perspectiva culta que brinca e se mistura con outras dimensións e lecturas. Non é que sexa imprescindible, pero cumpriría notar que *Un millón de vacas* é un verso de Lorca, que *Os comedores de patacas* é un cadro de Van Gogh. En *Salvaxe compañía* un verso de Pondal, *¿Que me queres, amor?* de Fernando Esquíó. Este coidado xogo intertextual cos títulos das obras está tamén en *O lapis do carpinteiro*, mais nunha intertextualidade interna que nos leva á autopoética de *O pobo da noite*, á semellanza entre o escritor e o carpinteiro, á sección áurea, á proporción entre os segmentos. Son as palabras do pintor, palabras que teñen o don de curar, como as do menciñeiro. Salvarse pola palabra.

O lapis do carpinteiro 9

DOLORES VILAVEDRA, *Tempos*, xullo de 1998



O lapis NARRADOR

Entramos nunha galería dende a que se escoitan os melros e atopamos o protagonista desta historia, o doutor Daniel Da Barca, e a quen supomos o detonador das súas lembranzas, Sousa, un xornalista frustrado e infeliz. Todo está preparado para un discruso narrativo máis ou menos convencional, a modo de extenso e demorado *flash-back* que desenvolva as memorias dun vello loitador anti-franquista. Pasamos ó capítulo seguinte e atopamos un ex-garda convertido en anxo custodio dunha barra americana e das súas pupilas. Herbal, o ex-garda, está a debuxar. E faino cun lapis de carpinteiro.

A partir de aí vai ser el quen reconstrúa ese período escuro da guerra e da primeira posguerra, quen proxecte a luz da memoria para alumear as tebras, a luz que se desprende dun lapis transmutado en varíña máxica. Ese lapis que conservou para Herbal vencendo a miseria e a brutalidade ás que o condenou a vida, a beleza e a bondade, encarnados na memoria do doutor Da Barca e da súa dona: eles foron, confesa Herbal, o mellor que a vida lle deu, esa puta da Vida que condenou a súa irmá Morte a vagar solitaria e errante polos camiños do mundo. Así que Herbal, cando se atope por fin con Morte, irá lixeiro de equipaxe.

Nin sequera levará Herbal a canda el o lapis de carpinteiro, legado a unha prostitu-

ta africana como arma salvífica coa que esconxurar a sordidez do presente. Só conservará a memoria, e non só a de Da Barca e a dona: tamén a de Ánxel Casal, a de Camilo Díaz Baliño e a de tantos outros heroes –aínda no anonimato– que nos transmitiron en herdanza un patrimonio de ideais e dignidade abonda como para seguir a loitar por eles. Carpinteiros anarquistas, ferroviarios sindicalistas, un tenente de carabineiros republicano... E Dombodán. Rescatado por Manuel Rivas doutras páxinas súas para erixilo aquí definitivamente en símbolo da inocencia. Deixade que os nenos se acheguen a nós, porque deles é o futuro. A Dombodán, como a tantos outros, a barbarie acabou roubándolle o futuro.

Quédannos, por obra e gracia deste lapis de carpinteiro, a súa lembranza. E por riba de todos eles, fica pairando como unha sombra benfeitora a do doutor Nóvoa Santos, elevado á categoría de heroe, liberado da borralla do esquecemento con que nos achegou a súa persoa e a súa obra a oficialidade dunha historia allea.

Rivas constrúe todo este mundo coa tranquilidade que lle dá ter os seus lectores instalados nun futuro no que o doutor Da Barca está vivo. Queda así xustifico un capítulo inicial que confunde un tanto as expectativas do lector, pero que funciona como desactivador da tensión xerada polos

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ,

Lateral, setembro de 1998



acontecementos, o que nos permite atender con vagar os múltiples fíos diexéticos que, tal unha arañeira, se van despregando ante nós: a historia da desgraciada irmá de Herbal, a da monxa Izarne e, sobre todo, a de Marisa Mallo e o seu pintoresco avó.

Porque en *O lapis do carpinteiro* hai tamén unha historia de amor clásica, desas que triunfan sobre todos os obstáculos e que rematan por dotar os seus protagonistas dunha sorte de dimensión sobrehumana. Quizais a fermosa portada de Xosé Luís de Dios pretende subliñar esa dimensión da novela. Pero penso eu que lle fai un fraco favor, pois propicia ou condiciona unha lectura reduccionista. O amor é, sen dúbida, unha das claves desta historia, máis é un amor expansivo, mutante, dotado en certa forma de poderes curativos e salvíficos. O amor como esconxuro fronte a tantas carautas que o home foi quen de inventarlle ó mal. E todo isto narrado de xeito sumamente plástico. Se xa en entregas anteriores o estilo de Manuel Rivas se ía caracterizando por unha imaxinería de inspiración telúrica, de vocación artesanal, fortemente arraizada no empírico, nesta ocasión a plasticidade do discurso é consecuencia case inevitable da mediación do lapis que proxecta sobre toda a historia o punto de vista do pintor asasinado por Herbal.

O lapis do carpinteiro

As vivencias da guerra civil en Galicia foron rescatadas do esquecemento e reescritas por autores tan diferentes como X. Alcalá, C. Casares, A. Conde, X. Fernández Ferreiro, C. Gonsar, X. Neira Vilas ou X. L. Méndez Ferrín. E agora faino Manuel Rivas. Como o pintor da súa novela, colle un lapis de carpinteiro para retratar as paisaxes que a dor psíquica labra nos rostros dos que padeceron a guerra. Así, ofréce-nos en clave intimista algunhas das historias silenciadas daqueles anos, que tinguiron tantas vidas de sangue, de dor, de violencia e medo. A partir da imaxe do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, que funciona na novela como metáfora dunha sociedade conmocionada pola guerra, imos coñecendo mártires e tiranos cun ton próximo e cotián, mesmo sentimental (o fío argumental é unha historia de amor). Aparece un sorrinte profeta Daniel (o doutor Da Barca), o inferno coa besta apocalíptica, os benaventurados... Só faltan as figuras centrais do pórtico, os xuíces (Deus ou o apóstolo), porque a novela articúlase a través das memorias desfarrapadas do carceleiro e este foxe tanto da tese como da autoxustificación.

Furgar con tenrura na memoria íntima e no cotián para devolver a literatura á vida, para devolverlle o patrimonio da palabra e das emocións á xente. Velái, de novo, a fórmula de Manuel Rivas nesta historia que é, de feito, un conto longo que se le dunha tirada.


SINOPSE

O lapis do carpinteiro é unha historia de amor, melancolía e liberdade, en tempo de guerra e posguerra, que chega aos nosos días.

Un grande amor entre Marisa Mallo, unha fermosa moza de Fronteira, filla dunha familia de ambiente reaccionario e o médico republicano Daniel Da Barca, posuidor da beleza física e seguidor da teoría da realidade intelixente do doutor Nóvoa Santos. Fronte a eles a mirada escrutadora dun home que non tiña medo, Herbal, o garda da cadea da Falcona que verá restaurada a súa condición de ser humano por obra e gracia de tantas formas de amor como o lapis do carpinteiro lle foi ensinando a debuxar.

O lapis do carpinteiro é o testemuño dunha traxedia curativa, unha metáfora de todas as guerras, unha loita contra o esquecemento que demostra o poder salvífico do amor.

Esta excepcional novela ficará no lector gravada coma un *engrama*, coma o sulco dunha cicatriz que rescata o mellor da nosa memoria.



FICHA TÉCNICA

Título: *O lapis do carpinteiro*
Autor: Manuel Rivas
Xénero: Narrativa
ISBN: 84-8302-261-3

152 páxinas

PREMIO ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA, 1999

PREMIO ARCEBISPO JUAN SAN CLEMENTE, 1999

PREMIO DA CRÍTICA ESPAÑOLA, 1999

PREMIO LITERARIO AMNISTÍA INTERNACIONAL, 2001

XER AIS

